

SIDEROMETAL DE OURENSE 2017

PERMISOS E LICENZAS

Previo aviso á empresa, e posterior xustificación á mesma, poderemos ausentarnos do posto de traballo con dereito a remuneración por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- 15 días naturais por matrimonio.
- 4 días naturais (convenio), máis 28 días naturais de Paternidade (Seguridade Social) polo nacemento dun fillo.
- Por morte, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario, de parentes até segundo grao de consanguinidade ou afinidade, o tempo indispensable, como mínimo 2 días. Cando con tal motivo se necesite facer un desprazamento ó efecto, o prazo será de catro días.
- 2 días, por falecemento de irmás/ns políticos, avoas/ós políticos e tías/os.
- 1 día, por morte de tías/os políticos
- Por exames, o tempo necesario con xustificación.
- Por consulta médica, o tempo necesario con xustificación.

No caso que o feito causante ocorra fora da provincia, corresponderá un día máis.

- 1 día por traslado de domicilio habitual.

!!!MOI IMPORTANTE !!!

- Non asines contratos nin ningún documento en branco.
- Non asines finiquitos sen antes consultar co sindicato.
- Se asinas algo (despois de lelo con detemento, se non estas dacordo) pon:
 1. Recibín non conforme.
 2. Pon a data e a hora na que asinas.
 3. Esixe unha copia de todo o que asines.
- Cando asines unha nómina, pon a data do día que a asines.
- É moi importante, que teñas en conta os prazos de reclamacións, alegacións etc..
- Se che notifican algo, acude o sindicato a maior brevidade posible.

MÁIS INFORMACIÓN CONSULTA NA FEDERACIÓN DE INDUSTRIA DA CIG

Parque San Lázaro, 12 - 4ª pranta TLF. 666 852 371

r/ Pedro Glez nº 5 1º Verín TLF. 988 412 345

Praza do Concello nº2 1º O Barco TLF. 988 321 511

!! Participa no Sindicalismo Galego!! Afíliate á CIG



Confederación Intersindical Galega